fernandezcarballada asociados



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE CARBALLO

TOMO II
ESTUDO DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

fc|a
arquitecturaurbanismo

alvaro fernandez carballada
arquitecto

setembro2015

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

CONCELLO DE CARBALLO
15100 CARBALLO (A CORUÑA)

TOMO II

ESTUDO DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

MEMORIA

PLANOS

MR-01	ENCADRE XEOGRÁFICO	S/N
MR-02	HIPSOMÉTRICO	1/40.000
MR-03	PENDENTES	1/40.000
MR-04	ESTRUTURA XEOLÓXICA. TIPOS DE MATERIAIS	1/40.000
MR-05	EDAFOLOXÍA. TIPOS DE SOLO	1/40.000
MR-06	CLASES AGROLÓXICAS	1/40.000
MR-07	USOS DO SOLO E VEXETACIÓN	1/40.000
MR-08	REDE HIDROGRÁFICA	1/40.000
MR-09	CONCAS E SUBCONCAS	1/40.000
MR-10a	REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS	1/60.000
MR-10b	HÁBITATS NATURAIS DE INTERESE COMUNITARIO	1/60.000
MR-10c1	OUTROS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL	1/60.000
MR-10c2	OUTROS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL - COSTA	1/15.000
MR-10d	ESPAZOS DE INTERESE NATURAL E PAISAXÍSTICO ESTABLECIDOS NO PXOM	1/40.000
MR-10e	PLANO RESUMO DOS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL DO CONCELLO	1/60.000
MR-11	ESTRUTURA PARCELARIA	1/30.000
MR-12	MAPA DE RISCOS	1/40.000
MR-13	DEREITOS MINEIROS	1/40.000

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

CONCELLO DE CARBALLO
15100 CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data - 4 FEB. 2016

A xefa do servizo de Planificación Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

concello de CARBALLO

MEMORIA


APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO
(ISTMO CARBALLO (A CORUÑA))

ÍNDICE

MEMORIA

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III
Lucía Liñares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV. 2015
O SECRETARIO

1. INTRODUCIÓN 1

2. INFORMACIÓN DO MEDIO FÍSICO 2
2.1. MARCO TERRITORIAL E COMARCAL 2
2.2. XEOLOXÍA 2
2.2.1. Petroloxía 3
2.2.2. Xeoloxía económica 4
2.2.3. Hidroxeoloxía 4
2.2.4. Xeomorfoloxía 4
2.3. FISIOGRAFÍA 5
2.3.1. Relevo 5
2.3.2. Pendente 5
2.3.3. Orientacións 5
2.4. HIDROLOXÍA 5
2.4.1. Hidrografía 6
2.4.2. Concas hidrográficas 6
2.5. CLIMA 7
2.5.1. Precipitacións 7
2.5.2. Temperatura 7
2.5.3. Vento 8
2.5.4. Diagrama ombrotérmico 8
2.5.5. Clasificación UNESCO-FAO 8

3. DESCRIPCIÓN DO MEDIO BIÓTICO 9
3.1. FLORA 9
3.1.1. Vexetación potencial 9
3.1.2. Estado actual da vexetación 9
3.2. FAUNA 10
3.2.1. Aves 10
3.2.2. Mamíferos cinexéticos 12
3.2.3. Mamíferos non cinexéticos 12
3.2.4. Réptiles e anfibios 12

4. ESPACIOS DE INTERÉS NATURAL 14
4.1. ESTABLECIDOS POR INSTRUMENTOS DE CARACTER SUPRAMUNICIPAL 14
4.1.1. Rede Natura 2000 14
4.1.2. Hábitats naturais de interese comunitario 15
4.1.3. Espazo natural das NSPP nº 2 17
4.1.4. Espacio natural do PHGC 17
4.1.5. Humedais do IHG 18
4.1.6. Árbores senlleiras 19
4.1.7. Montes veciñais en man común 19
4.1.8. Areas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión y de concentración local de aves incluídas en el Catálogo Galego de Especies Ameazadas 20
4.2. OUTROS PARAXES DE VALOR MEDIOAMBIENTAL 20

PLANOS

MR-01: ENCADRE XEOGRÁFICO ..... S/N
MR-02: HIPSOMÉTRICO 1/40.000
MR-03: PENDENTES 1/40.000
MR-04: ESTRUTURA XEOLÓXICA. TIPOS DE MATERIAIS 1/40.000
MR-05: EDAFOLOXÍA. TIPOS DE SOLO 1/40.000
MR-06: CLASES AGROLÓXICAS 1/40.000
MR-07: USOS DO SOLO E VEXETACIÓN 1/40.000
MR-08: REDE HIDROGRÁFICA 1/40.000
MR-09: CONCAS E SUBCONCAS 1/40.000
MR-10a: REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS 1/40.000
MR-10b: HÁBITATS NATURAIS DE INTERESE COMUNITARIO 1/40.000
MR-10c1: OUTROS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL 1/40.000
MR-10c2: OUTROS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL - COSTA 1/40.000
MR-10d: ESPAZOS DE INTERESE NATURAL E PAISAXÍSTICO ESTABLECIDOS NO PXOM 1/40.000
MR-10e: PLANO RESUMO DOS ESPAZOS DE INTERESE NATURAL DO CONCELLO 1/40.000
MR-11: ESTRUTURA PARCELARIA 1/30.000
MR-12: MAPA DE RISCOS 1/40.000
MR-13: DEREITOS MINEIROS 1/40.000

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO 15100 CARBALLO (A CORUÑA)

1. INTRODUCIÓN

Como xa se indicou na memoria xeral, a información urbanística baséase na transcrición, representación e análise das distintas variables socioeconómicas, físicas e formais, que na realidade presenta o municipio.

Paralelamente á recollida e análise dos datos de información urbanística, realízase un traballo de campo exhaustivo para a elaboración do Estudio do Medio Rural, recollendo os datos da situación actual en canto a medio bioxeográfico, condicións paisaxísticas e morfolóxicas do territorio, co obxecto de analizar o medio rural e delimitar o solo rústico de acordo co establecido pola LOUG.

En concreto o Estudio do Medio Rural:

- Analiza as características físicas e morfolóxicas do medio rural.
- Analiza os valores ecolóxicos, medioambientais, etnográficos, e con potencialidade productiva.
- Analiza os usos do solo, actitudes agrolóxicas, camiños e vías.
- Estudia as medidas de conservación e mellora das potencialidades do medio rural.

Neste sentido hai que mencionar que a análise do paisaxe inclúese no Tomo IV do Plan (no Informe de Sustentabilidade Ambiental), xa que o Documento de Referencia establece a necesidade de incluír no ISA un Estudo Paisaxístico, e a fin de non xerar duplicidade na documentación do PXOM, decidiuse non incluír neste tomo o análise desta variable.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

2. INFORMACIÓN DO MEDIO FÍSICO

2.1. MARCO TERRITORIAL E COMARCAL

O termo municipal de Carballo atópase no noroeste da Comunidade Autónoma, na rexión noroeste da provincia de A Coruña. Limita ó norte co océano Atlántico, ó sur co concello de Tordoia, ó oeste con Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños, e ó leste con Arteixo, Laracha e Cerceda. Cunha superficie de 187 km^2, Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus 31.303 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias. O 60% dos habitantes do Concello concéntranse no seu núcleo urbano, a carón do río Anllóns. Carballo é a capital da comarca de Bergantiños, e constitúe o seu centro natural. Se sitúa ó norte de Galicia, entre a Fisterra atlántica e o golfo Ártabro. Así, queda o municipio enclavado entre dúas importantes cidades da Comunidade Autónoma: A Coruña e Santiago de Compostela.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

CONCELLOS QUE CONFORMAN A COMARCA DE BERGANTIÑOS



APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

Fonte: Elaboración de Mónica Andrade Tasende

A comarca de Bergantiños está formada na súa meirande parte, por unha ampla depresión bastante plana, que se corresponde co fértil val do río Anllóns, a altitude da cal oscila sobre os 100-200 metros. É aquí onde se concentra boa parte da poboación ademais das principais actividades económicas e infraestructuras existentes. A comarca ábrese ó océano Atlántico nun extenso tramo da denominada Costa da Morte, no que se intercalan amplos areais con zonas de agrestes acantilados. Cara ao sur ábrese a ría de Corme-Laxe, onde desemboca o río Anllóns formando un amplo estuario.

2.2. XEOLOXÍA

Se exceptuamos algunhas pequenas concas morfotectónicas recentes con terreos terciarios e cuaternarios, o resto dos materiais que afloran víronse afectados pola Oroxenia Hercínica e son na súa maior parte, corpos intrusivos hercínicos ou prehercínicos. Ademais, gran parte dos metasedimentos son migmatitas e gneises de alto grado, sendo o resto sucesións predominantemente esquistosas, con escaso contraste litolóxico, polo que pode deducirse da estratigrafía dos terreos antehercínicos, sobre todo cando debido á intensa deformación e metamorfismo non se conservan fósiles nin estructuras sedimentarias que puideran constituír criterios de polaridade.


A continuación pásase a describir máis detalladamente o cuaternario, pola súa importancia na formación da cadea litoral.

Os depósitos cuaternarios caracterízanse pola súa diversidade e extensión, aínda que poucas veces acadan unha potencia apreciable. Para o seu estudo os agruparemos en función da súa orixe (pode ser costeira ou continental). Entre os materiais de orixe continental destacan os depósitos aluviais do río Anllóns.

O coluvións proceden normalmente do modelado dos interfluvios, a aínda que teñen unha distribución moi ampla, poucas veces superan o metro de espesor, se ben forman capas bastante potentes ó oeste do monte Neme.

As brazas son frecuentes nas áreas de rochas básicas da zona meridional. Estas formacións soen aparecer onde as superficies xeomorfolóxicas antigas empezan a degradarse, por efecto da acción remontante das cabeceiras da rede de drenaxe, para dar pequenas depresións nas que se acumulan sedimentos ricos en ilmenita. Tamén son máis frecuentes nos sectores de rochas básicas os conos torrenciais (monte Neme), e os coluvios de ladeira.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO 15100 CARBALLO (A CORUÑA)



XEOLOXÍA

- Anfibolitas
- Calcarias
- Cuaternario
- Ecloxitas e granulitas
- Filonianas
- Gabros
- Gneis
- Granitoides alcalinos
- Granitoides calcoalcalinos
- Lousas e cuarcitas
- Peridotitas e serpentinitas
- Terciario
- Xistos

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Torre Vázquez

Fonte: SITEB.

Hai unha zona na que abundan os sedimentos de orixe costeiro; trátase dun sector no que están presentes formacións de tipo "lagoon". Está entre Razo e a desembocadura do val de Arnados, e ofrecen un magnífico exemplo de praias mariñas e terrazas levantadas. Este val correspondese co extremo terminal da gran falla meridiana, e por el penetraron os sedimentos mariños, para formar unha serie de dunas que avanzaron un par de quilómetros terra a dentro.

O levantamento xeral da costa deu orixe en etapas sucesivas, a dous niveis de terrazas mariñas: o primeiro deles aparece a uns 8-10m de altura con relación ó nivel do mar, formando uns escarpes que aparecen recortados por 4 ou 5 barrancos; o segundo está coroado por unha formación de dunas que na actualidade están fixadas.

A praia de Baldaio prolóngase cara ao oeste ca de Razo, e a seu orixe está relacionada ca presencia dunha corrente que recorre este sector da costa na dirección O-E. Esta corrente foi a responsable do avance do cordón de dunas que terminou por alisar a depresión de Baldaio, e que actuou como dique impedindo o acceso das augas mariñas durante a maior parte do ano. Cando o clima se fixo máis húmido, os aportes dos ríos e regatos embalsáronse nesa depresión, favorecendo a acumulación de sedimentos e o establecemento das marismas que hoxe recubren unha boa parte da zona.

2.2.1. Petroloxía

- Serie de Ordenes. Constituída por esquistos moscovíticos (cuarzo, moscovita e clorita), e gneises plagioclásicos (plagioclasa, cuarzo, biotita e moscovita en proporcións variables).
- Gneises alcalinos. Son rochas de gran fino, moi recristalizadas con esporádicos cristais de tamaño máis groso.
- Esquistos albíticos do dominio da fosa blastomilonítica. Poden ser de tres tipos: esquistos xeralmente con cloritoide e turmalina situados no sinforme de Pazos, esquistos con albita e xeralmente granate, e gneises albíticos, tamén granatíferos.
- Cornubianitas (esquistos e gneises plagioclásicos), están representadas no macizo de gabros Monte Castelo e granodiorita precoz.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data 1 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III

- Migmatitas, como minerais esenciais contan con cuarzo e biotita.
- Retrogranulitas, é un gneis granatífero retromorfizado de cor gris oscuro-verde, con bandeado cuarcítico, moi alterado e textura esquistosa. A composición mineralóxica é cuarzo-feldespática con glándulas de cuarzo que alternan con capas de granate, cuarzo, feldespato e clorita.

2.2.2. Xeoloxía económica

MINERÍA

Actualmente só teñen interese económico os minerais wolframita e caseterita (o mispíquel é accesorio), asociados a filóns de cuarzo no granito cataclástico de Monte Neme, onde son explotados. Outros filóns teñen dirección aproximada N-30-E e potencia variable. Estudos metaloxenéticos do recente Proxecto Carballo-Monte Castelo, deu mineralizacións diseminadas nitromagmáticas na parte N do macizo de gabros de Monte Castelo, así como nas anfibolitas e banda ultrabásica ó O de Javiria. A paraxénese máis importante ven dada por pirrotina-pentandita-calcopirita en piroxenita e pirita-calcopirita en anfibolita.

Nos planos anexos ao presente documento inclúese a localización dos dereitos mineiros situados no concello de Carballo.

CANTEIRAS

- Arxilas: presentan interese as arxilas utilizadas en cerámica e obtidas dos metasedimentos da serie de Ordes e sinforme de Pazos, así como os procedentes da conca terciario do NO de A Laracha.
- Áridos: algunhas canteiras para áridos localízanse en leucogranitos, granitos cataclásticos, anfibolitas e gabros, xeralmente abandoadas excepto as de San Amaro na estrada Carballo-Malpica (en granito cataclástico en parte caolinizado pola falla de Beo).
- Caolín: existe en distintos xacementos graníticos asociados xeralmente a fallas tardihercínicas de dirección ONO-ESE, de orixe primario hidrotermal.

2.2.3. Hidroxeoloxía

A situación da zona na área de maior índice de pluviosidade anual fai que o interese económico da hidroxeoloxía subterránea sexa mínimo. Non obstante as súas posibilidades son escasas debido á baixa permeabilidade da litoloxía. As rochas metamórficas (serie Órdenes), básicas e ultrabásicas non parecen presentar mantos produtivos en profundidades, mentres que as rochas granitoides é posible nalgúns casos que presenten mantos cautivos profundos.

As zonas de permeabilidade alta (con posibilidade de problemas de vertido) sitúanse nos areais e a marisma, e nos depósitos cuaternarios do val do Anllóns.

Con independencia do sistema hidrolóxico de superficie, debe facerse referencia á existencia de mananciais de augas mineromedicinais sulfuroso-sódicas, de carácter termal, que polo carácter tectónico da comarca brotan con abundancia en diversos puntos do seu ámbito a temperaturas comprendidas entre os 25ºC e os 35ºC, cuia explotación na vila remóntase ó S.XVIII. Así é moi coñecido o Balneario de Carballo, na zona dos Baños Vellos, polas propiedades das súas augas.

2.2.4. Xeomorfoloxía

A presenza de tres sistemas de fallas con orientacións ben definidas, ten unha notable influencia na configuración morfolóxica da área, posto que ademais dos grandes accidentes tectónicos, tamén xogaron un papel de gran importancia na configuración da rede hidrográfica. Efectivamente, na rede hidrográfica da zona abundan os tramos rectilíneos, que xeralmente teñen a mesma orientación que algún dos sistemas de fallas; os cambios de dirección con ángulos idénticos ou moi próximos ós que marcan as intersecións entre as fracturas, e as áreas nas que varios ríos discorren de forma paralela, ó longo de distancias que poden chegar a ser considerables.

Todo esto explícase porque os ríos e regatos aproveitan as liñas de debilidade ocasionadas polas fallas e fracturas, para a apertura dos seus canles, e eso reflexarase na evolución do relevo rexional.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Liñares Yáñez

2.3. FISIOGRAFÍA

2.3.1. Relevo

O relevo de Carballo caracterízase fisicamente pola suavidade de formas. A maioría dos puntos altimétricos localízanse en superficies comprendidas entre os 100 e os 300 metros. O relevo, en xeral, é o resultado de fracturas que producen a aparición de cubetas e horsts, o cal, unido á erosión diferencial, deu lugar ás diferenzas altitudinais existentes na actualidade. Entre estas cubetas ou áreas deprimidas hai que destaca-la que atravesa o concello con dirección norte-sur. É a chamada depresión meridiana, que ten o seu comezo en Razo e chega ata Tui (Pontevedra) e O Porto (Portugal). Igual que acontece na comarca á que pertence, en Carballo pódense distinguir dous sectores atendendo a unha diferenciación de tipo altimétrico.

O primeiro comprende a área propiamente costeira e unha zona interior que chegaría ata o eixe formado polas parroquias de Aldemunde e Rus. Neste primeiro sector atópase, por un lado, a costa, que se desenvolve sobre granitos e ofrece unha morfoloxía rectilínea; os grandes areais (Baldaio, Razo) e as marismas dominan sobre os acantilados. Despois, unha serie de pequenas elevacións separan a cunca do río Anllóns do océano Atlántico. É en consonancia coa suavidade de formas desenvólvese o interior, que son terras chairas que forman parte do val do río Anllóns e dos seus afluentes. Neste primeiro sector as altitudes oscilan entre os 100 e os 300 metros, aínda que cómpre sinala-la altura do monte Neme, no límite noroccidental do termo, que acada os 386 metros.

O segundo sector desenvólvese no territorio situado ó sur do concello e nel prodúcese un aumento lixeiro da altitude, sen perder a referencia da suavidade do relevo; son as terras altas que forman parte da superficie de aplanamento da terra de Ordes e que van descendendo a xeito de escaleira cara á chaira bergantiñá. Nesta área supéranse con frecuencia os 400 metros de altitude, como ocorre no monte de Santa Marta (479).

2.3.2. Pendente

A pendente é un dos maiores condicionantes á hora de realizar labores no terreo, xa que en moitas ocasións limita a utilización de maquinaria.

Os intervalos de pendentes amósanse na seguinte táboa:

Intervalos de pendente	Superficie (ha)	Superficie (%)
< 2 %	2.796,6	15,0
2 – 6 %	3.290,2	17,6
6 – 12 %	5.314,8	28,5
12 – 25 %	5387,9	28,9
25 – 50 %	1.729,3	9,3
> 50 %	148,3	0,8

Aproximadamente o 57% da superficie atópase entre o 6 e o 25% de pendente, o cal nos da unha idea do carácter ondulado da orografía do concello.

2.3.3. Orientacións

A orientación do terreo é outro dos factores a considerar á hora de facer unha selección de cultivo xa que condiciona a cantidade de radiación que chega ó terreo, así as zonas con orientación norte presentan maiores problemas de xeadas, mentres que a exposición sur suaviza o efecto destas, o que determina en ocasións tanto a localización dos cultivos coma dos asentamentos da poboación.

No territorio estudado non existe unha orientación dominante, senón que todas elas se atopan en proporcións similares.

2.4. HIDROLOXÍA


A riqueza hidrolóxica do concello de Carballo é importante pois existen dous ríos de importancia, así como unha gran cantidade de regos que descorren polo termo municipal.

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

2.4.1. Hidrografía

- Río Anllóns

O río Anllóns é o máis destacable do concello, pois atravesa o concello de este a oeste, cun percorrido que en moitos tramos é paralelo á costa da que apenas se separa uns 8 km. Entre o seu nacemento no concello de Cerceda e a desembocadura no concello de Ponteceso, efectúa un percorrido de 54,4 km, dos cales 16,80 discorren polo concello de Carballo. Ó longo do seu percorrido polo concello, o Anllóns recibe pola dereita o Rego Maior, o Rego de Queo de Abaixo, o Rego de Queo, o Rego de Bértoa, o Rego de Ramil, o Rego de Piñeiro e o Rego de Liñeiro. Pola esquerda recibe as augas do Río Rosende. Ten un relevo suavemente ondulado en todo o seu percorrido, salvo augas abaixo de Carballo, en Sísamo, onde bordea o monte Bas. O río se clasifica como forte. Leva o seu caudal máximo nos meses de xaneiro e febreiro, mentres que os mínimos danse en agosto e setembro.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucia Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

Fonte: Río Barja, F.J. y Rodríguez Lestegás, F. (1992)

- Río Rosende

O río Rosende é o segundo en importancia tras o Anllóns, e nel desembocan o Río Grande e o Rego Carracedo.

2.4.2. Concas hidrográficas

As concas hidrográficas encádranse na delimitación do ámbito territorial Galicia-Costa, o cal comprende as concas que se achan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia,a e que son concas dos ríos vertentes ao mar Cantábrico, agás a dos ríos Eo e Navia, e as concas vertentes ó Océano Atlántico, coa exclusión do sistema Miño-Sil, por ser este tamén unha conca intercomunitaria. Dito ámbito territorial esténdese polas tres provincias costeiras de Galicia, abarcando unha superficie total de 13.072 Km2.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016

Dada a extensión das concas intracomunitarias (13.072 km^2), no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) procedeuse á subdivisión do territorio nunha serie de particións en niveis de sucesiva disgregación: Zonas ou sistemas de explotación, subconcas e áreas ou unidades de coñecemento (UCO) (menores de 150 km^2).

A conca intracomunitaria Galicia-Costa pódese dividir hidrolóxicamente en 19 Sistemas de Explotación. O concello de Carballo encádrase no Sistema de Explotación nº10: "Río Anllóns e costa de A Coruña ata límite Arteixo", nas unidades de coñecemento C15-04, 149-01, 149-02, 149-03, 149-04.

Da observación da curso da rede hidrográfica e das curvas de nivel, extraemos que o concello de Carballo conta con catro concas principais. A conca da lagoa de Baldaio e de Arnados desembocan na zona costeira do concello, mentres que a conca do Anllóns, que cubre a maior parte do concello, recollerá as augas doutros ríos e regatos, ó igual que a de San Sadurniño.

CONCAS	Superficie (ha)
Conca do Anllóns	14133,2
Conca de Arnados	1524,0
Conca da lagoa de Baldaio	2570,4
Conca de San Sadurniño	442,4

As divisorias de augas desta conca principal do río Anllóns configuran ó sur as elevacións da serra de Soneira, nas terras altas do Xallas, e ó norte a sucesión de lomas que, a partir de Monte Neme, separan o litoral Atlántico da depresión inferior. Esta inmediata proximidade marítima das estribacións de borde fai que a vertente norte desemboque directamente ó océano mediante multitude de pequenos regatos de curto percorrido e cauce, con frecuencia, intermitente, ben sexa de modo inmediato ou a través da ampla franxa areosa de Razo e Baldaio, confluíndo un bo número deles na lagoa interior do areal.

Na vertente sur da cadea litoral ábrense diversas concas secundarias percorridas por regatos que desembocan no Anllóns tras un curto desenrolo (regos de Queo, Bértoa, e rego da Balsa) e con divisorias de augas orientadas perpendicularmente ó cauce principal.

Pola beira do Anllóns, en cambio, as primeiras elevacións avanzadas, ó borde da Serra de Soneira configuran unha cresta secundaria que discorre en paralelo ó fondo do val, salvada na confluencia do río Grande que, deste modo, recollerá todas as vertentes da Serra, conformando un brazo importante do río principal ó longo do extremo da depresión meridiana que a partir das ladeiras do Monte Castelo da lugar á divisoria de augas entre o Bergantiños e o Val do Dubra.

Confluíndo co río Grande en proximidade xa ca súa finalización no Anllóns, os ríos Rosende e posteriormente o Bardoso recollen as drenaxes das concas secundarias das terras baixas de Soneira, conforme a divisorias paralelas ó propio discorrer do río Grande, completando así o sistema fluvial múltiple que evacúa as augas da metade sur do termo municipal.

SUBCONCAS

Para a elaboración das subconcas empregáronse as curvas de nivel e a rede hidrográfica do concello. Unha vez definidas e diferenciadas cada unha delas, procedeuse ó cálculo da súa superficie e a asignarlles o nome do río ou rego que inclúen.

SUBCONCA	Superficie (ha)
Rego Pardiñas	494,3
Rego Piñeiro	1616,8
Regos de Queo	1622,4
Rego da Balsa	1545,4
Río Carral	2585,6
Río Rosende	651,3
Río Calvelo	1350,1
Rego Ferveda	865,9
Río Pedrouzo	442,4
Río Calvos	507,1
Rego de Ramil	353,2
Río Grande	1710,1
Río Outon	690,8

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

SUBCONCA	Superficie (ha)
Rego Rapadoiro	2570,4
Regos MonteNeme	1029,7

2.5. CLIMA

O clima é oceánico, de temperaturas suaves, con frecuentes precipitacións, ademais dun alto grado de humidade en toda a zona. Dentro deste clima podemos diferenciar dúas zonas moi significativas, a zona norte, onde son frecuentes as xeadas debido á proximidade do mar, e a do interior onde teñen unhas temperaturas máis baixas, e incluso con días de neve, posto que hai moitas máis montañas e o efecto moderador do mar non se sinte tanto. Na zona do Anllóns, é dicir, no núcleo urbán e parte de Bértoa, o clima é suave. No inverno as temperaturas non soen descender dos 8 grados de media, e oscilan arredor dos 17 grados nos meses de verán.

Outro dos rasgos importantes do clima de Carballo é a frecuencia e a intensidade dos ventos como pon de manifesto a vexetación, e as dunas costeiras como as de Razo e Baldaio, aínda que grazas ás grandes montañas que o rodean, a vexetación desenvólvese en boas condicións en case todo o concello.

2.5.1. Precipitacións

No ciclo anual de precipitacións obsérvase que se da un mínimo estival nos meses de xuño, xullo e agosto, con valores pouco superiores ós 31 mm de precipitación. Pola contra os valores máximos alcánzanse nos meses fríos, con por exemplo 113,2 mm en novembro. En conclusión obtemos que a diferenza entre os meses máis chuviosos e os máis secos está arredor dos 82 mm de precipitación.

O número de días de precipitación oscila na estación de Carballo, entre os 4 días en agosto e os 13 en febreiro, o que fai un total de 116 días de choiva ó ano. O 43,95% das precipitacións prodúcense durante os meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro.

2.5.2. Temperatura

Aínda así a temperatura media anual mantense dentro dos límites para climas temperados e pode ser calificada de suave e con poucos contrastes. Da análise da distribución das temperaturas ó longo do ano apréciase que a estación cálida abarca os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, con uns promedios que oscilan (para os catro meses) entre os 18,1º na estación de A Coruña e os 16,7º da de Carballo.

O período frío esténdese de decembro a febreiro, con xaneiro e febreiro como meses máis fríos. Os valores medios para este período oscilan entre os 8,1º de Carballo e os 10,8º de A Coruña, polo que se pode dicir que as temperaturas invernais están suavizadas pola influencia oceánica.

A oscilación térmica anual é arredor dos 10ºC e será maior nas zonas interiores que nas costeiras.

2.5.3. Vento


As maiores rachas están en torno a 84-88 km/h nos meses de decembro, xaneiro, febreiro e marzo; mais aínda durante a época de verán rexístranse rachas fortes debido á proximidade ó mar.

2.5.4. Diagrama ombrotérmico

O diagrama ombrotérmico que nos serve para identificar o período de seca e a súa distribución. Considérase que un mes é seco cando, na representación do diagrama, a curva que representa as temperaturas supera a curva que representa ás precipitacións.

Segundo esta clasificación todos os meses dende outubro a maio, ambos inclusive, serán húmidos, mentres que os restantes serán subsecos, a excepción do mes de xullo que é seco.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO



2.5.5. Clasificación UNESCO-FAO

Segundo este organismo estaríamos nun clima do Grupo I, temperado-medio con inverno moderado.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
Lucía Linares Yáñez
APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

3. DESCRIPCIÓN DO MEDIO BIÓTICO

3.1. FLORA

Se houbese que elixir un elemento característico da flora da Galicia Atlántica, sen dúbida habería que pensar no carballo (*Quercus robur*), especie arbórea dominante en practicamente todos os bosques planocaducifolios. Acompáñano, outras especies arbóreas menos abundantes, como o bidueiro (*Betula pubescens subsp celtibérica*) en zonas de humidade edáfica, e o ameneiro (*Alnus glutinosa*), característico das ribeiras dos ríos. Completan estes compoñentes dominantes leñosos, o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), insigne (*Pinus radiata*) e o silvestre (*Pinus sylvestris*); o castiñeiro (*Castanea sativa*), e en menor proporción con respecto ó piñeiro, o eucalipto (*Eucalyptus globulus*).

Desde un punto de vista florístico, Galicia forma parte da Rexión Nemoral Eurosiberiana, dentro do gran Reino Floral Holártico. Polo seu carácter limítrofe coa Rexión Floral Mediterránea, Galicia presenta una composición florística con abundantes elementos mediterráneos, sobre todo na súa porción meridional. Este carácter, que se atenúa cara o norte, non chega a desaparecer totalmente. Os enclaves máis térmicos rexistran a miúdo a presenza dalgúns xeoelementos mediterráneos.

No Tomo IV inclúese o estudo da totalidade da flora existente no concello, que presenta algún grado de protección de acordo coa normativa internacional, nacional e autonómica vixente, segundo a determinación 7.1.4. das DOT.

3.1.1. Vexetación potencial

A vexetación potencial ou climácica é a que habería se os ecosistemas houberan evolucionado libremente, tendo en conta os factores climáticos, edáficos, etc., sen considerar a acción do home. Esta vexetación clímax degradada pasa as distintas etapas de regresión: matogueira densa, matogueira degradada, pastos.

No concello de Carballo a vexetación potencial ou clímax dominante é a carballeira galaico portuguesa (*Rusco-Querceto roboris sigmetum)* e correspóndese a unha carballeira densa do piso colino. Dito piso colino atópase ampliamente distribuído en case todas as provincias corolóxicas da rexión Eurosiberiana da península Ibérica. Ocupa un extenso territorio no norte e noroeste peninsular. En xeral, a este piso pertencen os territorios costeiros, vales e montañas dende o mar ata os 300 a 400 m de altitude, aínda que esta cota pode oscilar apreciablemente nalgunhas comarcas. En todo este piso bioclimático as cabezas de serie ou etapas maduras das sinasociacións ou sigmetum teñen unha estrutura boscosa, na que preponderan as árbores caducifolias con excepción das series relictas de carrascas e encinas, que son perenniolias.

- Serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*). *Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum.*

É unha serie que corresponde a unha etapa madura ou clímax a un bosque pechado no que é dominante o carballo de folla sésil (*Quercus robur*). Dito bosque natural desenvólvese sobre solos silíceos en todas as exposicións, pero non soporta unha hidromorfía ou encharcamento prolongado, xa que en tales casos cede ante as alisedas (*Alno-Umion: Scrophulario pyrenaicae-Alnetum*) ou fresnedas mixtas con carballos e aveleiras (*Carpinion: Polysticho-Fraxinetum excelsorius*). Con moita frecuencia por cultivos arbóreos ancestrais o carballo é sustituído polo castiñeiro (*Castanea sativa*), que hoxe en día se reproduce espontaneamente en moitos territorios cantábricos.

Estes bosques tamén poden levar acivros (*Ilex aquifolium*), laureis (*Laurus nobilis*) e alcornoques (*Quercus suber*). No sotobosque da carballeira, ademais dun bo número de herbas nemorais esciófilas (*Teucrium scorodonia, Hypericum pulchrum, Holcus mollis, Asplenium onopteris, Luzula forsteri, Viola riviniana, Linaria vulgaris* subsp. *Dichroa, Anemone trifolia* subsp. *Albida, Luzula sylvatica* subsp. *Henriquesii*, etc.) existe un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que soen atoparse elementos mediterráneos da clase *Quercetea ilicis* (*Ruscus aculeatus, Daphne gnidium, Arbutus unedo, Rubia peregrina, Viburnum tinus*, etc.), coexistindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla (*Pyrus cordata, Lonicera periclymenum, Frangula alnus, Crataegus monogyna, Corylus avellana*, etc.).

3.1.2. Estado actual da vexetación

A vexetación natural típica máis estendida son as fragas ou carballeiras (*Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*). Nelas, xunto ao carballo (*Quercus robur*), figura como acompañante habitual o castiñeiro (*Castanea sativa*), debido á súa similar valencia ecolóxica e á súa proliferación desde a colonización romana, sobre todo. Hoxe en día estas fragas viron moi mermada a súa extensión. Sen embargo, aínda se conservan importantes superficies e formacións autóctonas, non só das fragas, tamén dos bosques de ribeira. Concretamente, as fragas

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data - 4 FEB. 2016

conservároronse xunto as formacións ribereñas, de maneira que se pode afirmar que permanecen nun estado de conservación elevado as formacións situadas arredor da cunca do río Anllóns que é o principal curso de auga do concello.

No que a vexetación refírese, pódese afirmar que o estado actual da vexetación do concello caracterízase polas repoboacións forestais levadas a cabo. As principais repoboacións son de piñeiro e eucalipto e, mesturados coas especies frondosas, constitúen, como no resto de Galicia, as masas arbóreas mixtas típicas na actualidade. Os piñeirais presentan tres especies de piñeiro diferentes:

- O piñeiro do país (*Pinus pinaster*), o maioritario e máis frugal, o cal presenta ademais do estrato arbóreo, só un subarbustivo composto de plantas heliófitas, acidófilas, frugais e pirófitas.
- O piñeiro insigne (*Pinus radiata*), o cal vai permitir a formación de dous estratos máis: arbustivo e herbáceo, con plantas esciadófilas.
- O piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), tamén con tres estratos en total.

Nos piñeirais soen aparecer sempre carballos, castiñeiros e outras árbores típicas das fragas, posto que as repoboacións de coníferas van ser unha etapa intermedia cara ó establecemento do bosque autóctono.

Os eucaliptais presentes pertencen ao monocultivo de *Eucalyptus glóbulus*, permitindo tan só o desenrolo dun estrato arbustivo constituído polas especies arbustivas presentes antes da repoboación, e que se intensifica o seu uso como plantación.

3.2. FAUNA

A riqueza faunística cobra interese na actualidade debido á gran presión á que está sometida, á diminución dos seus efectivos e á gran regresión dos biotopos adecuados para o seu mantemento fronte á gran expansión das áreas alteradas. A conservación, cas súas connotacións sociais, económicas e culturais, é o nexo máis directo entre os estudos faunísticos e os estudos do medio físico.

Actualmente o enfoque práctico do estudo da fauna camiña cara unha integración desta dentro dos demais elementos do medio co fin de conseguir datos manexables e de fácil comprensión, que poidan estruturarse de tal maneira que o produto definitivo resolva os conflitos entre características ambientais e actuacións humanas con suficiente flexibilidade para adaptarse ós cambios.

Tendo en conta o anterior realízase un estudo faunístico no que se resaltaron dous aspectos importantes:

- Buscar a presenza de especies protexidas ou en perigo de extinción que puidesen existir na zona, pois a súa presenza implicaría enfocar o planeamento para a súa protección.
- Considerar as especies de tipo cinexético así como as de pesca fluvial pola importancia das actividades de pesca e caza dado que ademais de ser un aliciente para a poboación da zona, pode ser unha posible fonte de ingresos nun futuro así como foco de atracción para outro tipo de actividades económicas.
- Poden causar conflitos puntais algunhas especies cinexéticas, como o xabarín, con outros sectores de grande importancia na zona como é a gandería e o sector forestal, polos danos que este tipo de animais poden provocar nos seus cultivos.

No Tomo IV inclúese o estudo da totalidade da fauna existente no concello, que presenta algún grado de protección de acordo coa normativa internacional, nacional e autonómica vixente, segundo a determinación 7.1.4. das DOT.

3.2.1. Aves

Dentro das especies de aves imos diferenciar entre aquelas especies que se atopan protexidas e aquelas que están dentro das especies cinexéticas, para iso vanse sinalar con unha P aquelas que teñen un carácter de especie protexida e con unha C as de tipo cinexético. Resaltar que se fará un pouco mais de fincapé nas especies protexidas.

-Azor (*Accipiter gentilis*) P
-Gavián (*Accipiter nisus*) P
-Ferreiriño subeliño (*Aegithalos caudatus)* P
-Alondra común (*Alauda arvensis*) P
-Martín pescador (*Alcedo atthis*) P
-Perdiz vermella (*Alectoris rufa*) C
-Ánade real (*Anas Platyrhynchos*) C
-Bisbita arbóreo (*Anthus trivialis*) P

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

-Vencello común (*Apus apus*) P
-Moucho común (*Athene noctua*) P
-Avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*) P
-Verderón común (*Carduelis chloris*) P
-Agateador común (*Certhia brachydactyla*) P
-Reiseñor de auga (*Cettia cetti*) P
-Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) C
-Gatafornela (*Circus cyaneus*) P
-Rapiña cinceta (*Circus pygargus*) P
-Picaxuncos (*Cisticola juncidis*) P
-Pomba torcaz (*Columba palumbus*) C
-Corvo carnazal (*Corvus corax*) C
-Cornexa negra (*Corvus corone*) C
-Corvo cereixeiro (*Corvus monedula*) C
-Paspallás (*Coturnix coturnix*) C
-Cuco (*Cuculus canorus*) P
-Anduriña do cu branco (*Delichon urbica*) P
-Peto real (*Dendrocopos major*) P
-Escribenta riscada (*Emberiza cia*) P
-Escribenta linaceira (*Emberiza cirlus*) P
-Escribenta real (*Emberiza citrinella*) P
-Paporrubio (*Erithacus rubecula*) P
-Falcón pequeno (*Falco subbuteo*) P
-Lagarteiro (*Falco tinnunculus*) P
-Pimpím común (*Fringilla coelebs*) C
-Galiña de río (*Gallinula chloropus*) C
-Pega marza (*Garrulus glandarius*) C
-Lirio marelo (*Hippolais polyglotta*) P
-Andoriña común (*Hirundo rustica*) P
-Cotovía pequena (*Lullula arborea*) P
-Lavandeira branca (*Motadilla alba*) P
-Lavandeira real (*Motardilla cinerea*) P
-Lavandeira verdeal (*Motacilla flava*) P
-Ouriolo (*Oriolus oriolus*) P
-Abelleiro ou carboeiro común (*Parus major*) P
-Gorrión pardal ou común (*Passer domesticus*) C
-Gorrión orelleiro (*Passer montanus*) C
-Picafollas común (*Phylloscopus collybita*) P
-Pega rabilonga (*Pica pica*) C
-Azulenta común (*Prunella modularis*) P
-Paporrubio real (*Pyrrhula pyrrhula*) P
-Estreliña riscada (*Regulus ignicapillus*) P
-Tarabilla común (*Saxicola torquata*) P
-Verdiño (*Serinus serinus*) P
-Trepador azul (*Sitta europaea*) P
-Rula común (*Streptopelia turtur*) C
-Cárabo (*Strix aluco*) P
-Estorniño negro (*Sturnus unicolor*) C
-Papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*) P
-Papuxa apardada (*Sylvia borin*) P
-Papuxa común (*Sylvia communis*) P
- Sisón común (*Tetrax tetrax*) C

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO 15100 CARBALLO (A CORUÑA)

-Chochín (*Troglodytes troglodytes*) P
-Merlo común (*Turdus merula*) C
-Tordo galego (*Turdus philomelos*) C
-Tordo charlo (*Turdus viscivorus*) C
-Curuxa (*Tyto alba*) P
-Bubela (*Upupa epops*) P
-Garza (*Ardea cinerea*) P
-Gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*) P
-Gaivota escura (*Larus fuscus*) P
-Gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*) P
-Arao dos cons (*Uria aalge ibericus*) P

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

3.2.2. Mamíferos cinexéticos

-Coello (*Oryctolagus cuniculus*)
-Raposo (*Vulpes vulpes*)
-Lobo (*Canis lupus sbs. signatus*)
-Xabarín (*Sus scrofa*)

3.2.3. Mamíferos non cinexéticos

-Xineta (*Genetta genetta*)
-Porco teixo (*Meles meles*)
-Lontra (*Lutra lutra*)
Furón (*Putorius putorius*)
-Garduña (*Master foina*)
-Armiño (*Mustela nivalis*)
-Doniña branca (*Mustela erminea*)
-Aguaneiro (*Galemys pyrenaicus*)
-Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*)
-Rata de auga (*Arvícola sapidus*)
-Furón bravo (*Mustela putorius*)
-Murgaño patibranco (*Neomys fodiens*)
-Rato de campo (*Apodemus sylvaticus*)
-Musaraña común (*Crocidura russula*)
-Musaraña campesina (*Crocidura suaveolens*):
-Leirón careto (*Eliomys quercinus*)
-Ourizo cacho (*Erinaceus europaeus*)
-Trilladeira dos pastos (*Microtus agrestis*)
-Musaraña da auga (*Neomys anomalus*)
-Morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*)
-Toupa ibérico (*Talpa occidentalis*)
-Rata cincenta (*Rattus rattus*)
-Musaraña enana (*Sorex minutus*)
-Rato doméstico (*Mus musculus*)
-Esquío común (*Sciurus vulgaris*)
-Musaraña de Millet (*Sorex coronatus*)
-Musaraña ibérica (*Sorex granarius*)

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

3.2.4. Réptiles e anfibios

-Cobra lisa europea (*Coronella austriaca*)

-Lagarto arual (*Lacerta lepida*)
-Lagartixa da serra (*Lacerta monticola*)
-Lagarto de auga (*Lacerta schreiberi*)
-Cobra sapeira (*Natrix maura*)
-Cobra de colar (*Natrix natrix*)
-Lagartixa galega (*Podarcis bocagei*)
-Víbora de seoane (*Vipera seoanei*)
-Sapo parteiro (*Alytes obstetricans*)
-Sapo cunqueiro (*Bufo bufo*)
-Sapo coniqueiro (*Bufo calamita*)
-Pinchorra rabilonga (*Chioglossa lusitanica*)
-Sapiño pintoxo (*Discoglosus galganoi*)
-Ra das figueiras (*Hyla arborea*)
-Ra do val (*Rana iberica*)
-Ra verde (*Rana perezi*)
-Ra do monte (*Rana temporaria*)
-Salamandra común (*Salamandra salamandra*)
-Lagartixa de auga (*Triturus boscai*)
-Sabandixa palmada (*Triturus helveticus*)
-Sabandixa limpafontes (*Triturus marmoratus*)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez
APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data, 18 NOV 2015
O SECRETARIO

4. ESPACIOS DE INTERÉS NATURAL

O concello de Carballo destaca especialmente pola beleza do seu litoral, así como pola rede hidrográfica que discorre polo concello.

4.1. ESTABLECIDOS POR INSTRUMENTOS DE CARACTER SUPRAMUNICIPAL


Inclúense nesta categoría aqueles espazos de interese natural, a protección da cal ven determinada por instrumentos ou normativa de caracter supramunicipal.

4.1.1. Rede Natura 2000

No concello de Carballo sitúanse tres espazos incluídos na denominada rede Natura 2000. Estes espazos son os Lugares de Interese Comunitario (en diante LIC) "Costa da Morte" e "río Anllóns", e a Zona de Especial Protección para as Aves (en diante ZEPA) "Costa da Morte (norte)".

Denominación	Código	Superficie (Ha)
LIC Costa da Morte	ES1110005	11.809
LIC Río Anllóns	ES1110015	162
ZEPA Costa da Morte (Norte)	ES0000176	7.962

A delimitación destes tres espazos é a seguinte:



Fonte: SITEB.


Observase que o LIC "Costa da Morte" e o ZEPA "Costa da Morte (Norte)", superponse ao longo da costa do concello, incluíndo a lagoa de Baldaio. O LIC Río Anllóns inclúe este río ata o núcleo urbán de Carballo, e o seu afluente o río Rosende.

Neste apartado hai que ter en conta que actualmente estase a tramitar a ampliación da rede Natura, e esta ampliación inclúe terreos do concello. A proposta mais actual recóllese a continuación:

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO





Fonte: Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia 2011. Anexo-I Cartografía dos LIC ampliados. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Xunta de Galicia.

Analizando a proposta anterior conclúese que a ampliación afecta aos dous LICs presentes no municipio. O LIC "Costa da Morte" ampliase no límite leste, ao norte do núcleo rural de Imende; o LIC "Río Anllóns" ampliase ao longo do río Grande, ata a lagoa de Brañas Rubias no veciño concello de Coristanco.

4.1.2. Hábitats naturais de interese comunitario

No termo municipal localízanse diversos hábitats naturais de interese comunitario, algún dos cales ten o carácter de prioritario. Estes hábitats sitúanse principalmente na zona costeira do municipio, na lagoa de Baldaio

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

e os seus arredores, así como ao longo da rede hidrográfica (o río Anllóns e os seus afluentes, o río Rosende e o río Grande).

Os hábitats presentes no termo municipal asócianse con tres biotopos principais:

- Ligado aos ambientes costeiros húmidos temperados.
- Ligado a estructuras dunares costeiras.
- Ligado ás zonas húmidas de auga doce.

A continuación recóllense os hábitats presentes no termo municipal:


ZONA	COD ANEXO I	DESCRICIÓN
